



## O Alzheimer, novo reto para Pasqual Maragall.



Pasqual Maragall, ex-presidente da Generalitat de Cataluña, e ex-líder do PSC, anunciou publicamente que sofre a enfermidade de Alzheimer “dende hai uns meses”. Maragall explicouno ás portas do Hospital de Sant Pau, tras visitar a Unidade de Memoria e o

Laboratorio de Investigación de Alzheimer, do Servizo de Neuroloxía do centro barcelonés.

Explicou que “hai uns meses que me diagnosticaron un principio da enfermidade”, e que decidiu facelo público ante os rumores que xa circulaban acerca do seu estado de saúde, ao tempo que expresou o seu desexo de axudar a derrotar a enfermidade, ao que lle pensa dedicar unha parte da súa actividade.

“Non é fácil, non é sinxelo, pero esta visita condúceme a ser optimista, polo menos a medio e longo prazo, e fareino persoalmente e acompañado de todos aqueles que queiran e me poidan axudar na medida das súas posibilidades, económicas, persoais ou científicas”, engadiu.

Maragall, ante as preguntas dos xornalistas, apuntou: “Atópome ben. Direivos máis, atópome mellor que hai un ano, e comezo esta nova etapa con optimismo, na compañía dunha familia e duns amigos que me apoian e me fan feliz”.

“Fixemos os Xogos Olímpicos, fixemos aprobar e referendar o Estatut, e agora iremos a polo Alzheimer. E teño a certeza de que esta enfermidade será dentro de 10 ou 15 anos vencible e vencida”.

## Editorial

*Queridos socios,*

*No comezo dun novo ano sempre nos propoñemos novos obxectivos e emprendemos novos proxectos que axuden a mellorar a nosa traxectoria.*

*Nesta liña, a AGADEA presentáronse importantes retos ao final do ano que fixeron precisa a toma de rápidas decisións. Decisións previamente consultadas e consensuadas polo equipo directivo, e que foron tomadas baixo unha única premisa: mellorar a calidade de vida dos nosos enfermos.*

*Por iso, aínda que é un tópico dicir que a unión fai a forza, esta unión é o primeiro que me vén á cabeza repasando mentalmente o ano 2007, e máis concretamente os dous últimos e intensos meses. No ámbito das infraestruturas supuxeron un antes e un despois para a Asociación, e para conseguilo xuntámonos familiares, socios, profesionais, alumnos de prácticas e tamén o motor de AGADEA: os voluntarios.*

*Dende este pequeno espazo quero destacar o labor da voluntaria Neli, que se implicou de cheo nas obras do local das Cancelas.*

*Un saúdo,*

*Isabel Gey Pérez*

## Novo Centro Terapéutico.



Dende novembro de 2007, AGADEA conta co seu propio centro terapéutico, situado na rúa Dublín, 6. O local, ata agora sede de Down Compostela, é unha reivindicación longamente esperada pola asociación, que ata o de agora viña desenvolvendo as súas actividades terapéuticas no Centro Sociocultural José Saramago de Vite.

Actualmente as Terapias de Estimulación Cognitiva para persoas con enfermidade de Alzheimer e outras demencias desenvólvense, neste novo local e en horario continuado. Organízanse en grupos reducidos en tres niveis: leves, moderados e un pequeno grupo de enfermos avanzados.

## Voluntarias de AGADEA participan no I Congreso Galego de Organizacións de Miores.



O día 13 de decembro de 2007 tivo lugar no Pazo de Congos e Exposicións de Galicia o I Congreso Galego de Organizacións de Miores, no que participaron máis de 500 persoas

maiores, incluíndo unha representación de AGADEA. Un grupo de voluntarias, que realizan tarefas de acompañamento complementando os coidados familiares e formais en casos con elevadas demandas de tipo psicosocial, presentaron a súa experiencia nun obradoiro, invitadas pola Dirección Xeral do Maior.

O Programa de voluntariado de AGADEA mantense activo dende 2004, apoiando aos enfermos e coidadores coa presenza e compañía das persoas voluntarias. As súas accións voluntarias palían o illamento social que progresivamente experimentan os familiares coidadores e proporcionan un tempo de respiro favorecendo que dispoñan de tempo de lecer para actividades de ocio e autocoidado, así como para asistir aos grupos de apoio para familiares que leva a cabo a Asociación. Así mesmo, estimulan a relación fluída e un contacto continuado coa asociación, e aumentan a visibilidade social da problemática asociada ás demencias a través das súas accións.

## ...Vaime ser difícil esquecer.



O documental “...Vaime ser difícil esquecer”, producido por AGADEA e Pórtico Comunicacions coa colaboración da

Secretaría Xeral de Política Lingüística, foi presentado o día 20 de setembro no salón de actos da Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela, e emitido o día 21 pola TVG, con motivo do Día Mundial do Alzheimer.

O documental retrata o día a día das persoas que sofren unha demencia dexenerativa, dos seus coidadores e daquelas persoas que, dende unha asociación de familiares de enfermos de Alzheimer como a nosa, participan no coidado. Recolle instantes das Terapias de Estimulación Cognitiva da asociación, das accións de voluntariado de acompañamento e dos grupos de apoio para familiares coidadores. Tamén recolle as historias de vida e as intensas emocións asociadas a esta enfermidade, na voz dos seus protagonistas.

“...Vaime ser difícil esquecer” representa un esforzo para achegar á sociedade a dura realidade do Alzheimer e o labor que neste eido realiza AGADEA en Santiago de Compostela. Os socios interesados poden solicitar información na sede de AGADEA.

Memoria en Movemento, estimulación cognitiva a través da motricidade.

**E** Estimulación  
**C** Cognitiva  
**A** A través de la  
**M** Motricidad  
para personas mayores

O martes 15 de xaneiro comezou o programa Memoria en Movemento, que se desenvolve no Centro Sociocultural do Ensanche ao longo de 26 sesións durante o primeiro trimestre do ano. Impartido polo Departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo, dentro do proxecto ECAM, e financiado pola Obra Social de Caixa Galicia, en Santiago de Compostela está coordinado por AGADEA.

O obxectivo é a estimulación dos procesos cognitivos da atención, memoria, estruturación espacial e temporal a través de procesos motrices (tarefas motrices e perceptivomotrices). Participan no programa usuarios con deterioro cognitivo das Terapias de Estimulación de AGADEA, voluntarios maiores da asociación, familiares e usuarios do centro sociocultural. Así, amplíase a oferta de estimulación para os nosos socios, cunha actividade de gran compoñente lúdico e social.

Terapias de Estimulación Cognitiva no deterioro cognitivo lixeiro.



No último ano AGADEA puxo en marcha un programa terapéutico destinado a persoas que sofren un deterioro cognitivo lixeiro, convencidos da importancia da prevención da demencia.

As actividades seguen a desenvolverse, en horario de mañá, no Centro Sociocultural de Vite, e querenlle dar resposta a unha demanda crecente por parte de familiares de persoas maiores con trastornos de memoria, pero que afortunadamente non cumpren criterios de demencia.

O deterioro cognitivo lixeiro é unha alteración da memoria ou doutras funcións cognitivas que reduce a capacidade previa nesas funcións, nun grao tal que produce dificultade para realizar as actividades diarias normalmente, aínda que a intensidade non é suficiente como para que a persoa perda a súa autonomía persoal.

O obxectivo do programa de Terapias de Estimulación é enlentecer a progresión do déficit cognitivo en persoas que presentan unha probabilidade máis elevada de sufrir unha demencia dexenerativa. Agrupan unha serie de variadas actividades dirixidas por profesionais da psicología e da educación social: estimulación da memoria, a atención e a concentración; estimulación da linguaxe, das habilidades de conversa e discusión, grupos de debate; terapia psicomotriz; estimulación da motricidade fina e arteterapia, musicoterapia etc.

Respiro de Fin de Semana.



AGADEA relanzou este ano o programa de Respiro de Fin de Semana, que se levou a cabo durante o 2007 no Centro Xuvenil Don Bosco, ante a imposibilidade doutro local accesible e para aproveitar os magníficos xardíns do centro en Belvís. En decembro de 2006 AGADEA organizou unha

exposición de pintura para recadar fondos e continuar o servizo, que se suspendera ao cesar a subvención da Fundación La Caixa coa que se iniciara. Tamén a antiga sala Yago doou a recadación da véspera de Reis.

Na actualidade, o programa desenvólvese cada segundo e cuarto sábado de mes no centro terapéutico en Fontiñas, e conserva moitas das rutinas das Terapias de Estimulación durante a semana, pero cun carácter máis lúdico e de interrelación social. Está cofinanciado polas familias dos usuarios e a propia Asociación, que asume parte dos gastos.

Recoñecemento ao traballo de AGADEA

AGADEA foi elixida como mellor ONG do 2007 nos premios Lo Mejor del Año convocados polo xornal de difusión gratuíta Santiago Siete. A elección foi realizada polos propios lectores, a través de 213 enquisas recollidas por correo postal e nunha furna situada en Área Central. O premio foi recollido por Gladis Castro, vogal da Xunta Directiva e voluntaria da Asociación, nunha gala que tivo lugar o 8 de febreiro no centro comercial compostelán.

Así mesmo, David Facal Mayo, psicólogo da asociación, recibiu o mércores 16 de xaneiro o IV Premio Humanitas outorgado polo Consello Social da USC e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC e que está dedicado a resaltar accións de tipo social. O acto tivo lugar no Salón de Plenos do Consello Social (Casa da Concha) coa participación do presidente do Consello Social da USC, Manuel Puga Pereira; o vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, José M. Mayán Santos; e do presidente da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC, Perfecto Yebra Martul-Ortega. Carmen Casal Nogueira representou a AGADEA no acto, como vicepresidenta da entidade.

Recordatorio

O Alzheimer é unha enfermidade chea de perdas, e o falecemento é a última delas. Queremos ter unha última lembranza para aquelas persoas enfermas que xa non están entre nós, especialmente para aqueles que, como usuarios das Terapias de Estimulación, nos resultan máis próximos: Manuela, Antonio, Atilano, José, Jesusa, Mercedes, Farruquiña e Encarnación.

\*Agradecemos a todos os socios que dispoñades de correo electrónico nolo facilitades á Asociación, xa que é o medio máis áxil para facilitar as comunicacións.

## Nova oficina de atención e formación a cuidadores



Grazas a unha cesión da Consellería de Vivenda e Solo e ás aportacións económicas da Deputación da Coruña e da Obra Social Caixa Galicia, AGADEA trasladou no mes de febreiro a súa sede á rúa dos Salgueiriños de Abaixo, 15, en Canelas-Mallou, co que deixou atrás as antigas instalacións das Galerías Belén.

Este novo local supón para AGADEA unha mellora importante na atención aos familiares, e viña sendo unha das reivindicacións da Asociación nos últimos tempos.

Esperamos que nun prazo curto poidamos darvos a nova de que conseguimos un centro terapéutico como se merecen as persoas afectadas destas enfermidades neurodaxenativas, que estamos a atender na comarca de Santiago



## Cursos de formación

A formación é unha ferramenta moi importante para AGADEA, porque nos permite mellorar a calidade de vida de persoas enfermas e familiares a través dos coñecementos que adquiren os alumnos dos nosos cursos, compartindo e contrastando a nosa experiencia.



### **PLANIFICACIÓN DO 1º SEMESTRE DE 2008**

- \_ Curso de Estimulación Cognitiva e Psicomotriz na enfermidade de Alzheimer. Dúas edicións, en marzo e xullo, en Santiago de Compostela.
- \_ Curso de Cuidados Paliativos nas Demencias Dexenerativas. No mes de marzo, en Rianxo.
- \_ Curso de Comunicación na Enfermidade de Alzheimer. En abril, en Boiro.
- \_ Curso de Cuidados Integrais a persoas Grandes Dependentes. No mes de maio, en Riveira.
- \_ Curso de Atención a Persoas Grandes Dependentes. En maio, en Boiro.
- \_ Curso de Formación de Cuidadores de Enfermos de Alzheimer. En maio, en Santiago de Compostela.

Subvencionado por:



Organizado por:



R/ Salgueiriños de Abaixo, 15  
(Canelas-Mallou)  
15704 Santiago de Compostela  
Telf./Fax: 981 59 57 38  
agadea@agadea.org